



## **II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS**



## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

### 1. Descrición da mostra

Neste apartado descríbense as frecuencias absolutas rexistradas na mostra para as principais variábeis demográficas: provincia de residencia, hábitat de residencia, xénero, idade, nivel de estudos, e relación coa actividade económica.

Presentamos aquí información da mostra sen ponderar e ponderada, tal e como se explicou no apartado precedente, se ben a partir de aquí e ao longo de todo o resto do informe a totalidade das análises e dos resultados corresponderanse coa matriz de datos ponderada.


A composición da mostra nestas variábeis compárase ademais cos seus valores análogos para o conxunto da poboación galega de 15 ou máis anos (ou ao segmento de idade máis próximo), o que nos permite ter unha primeira idea das características diferenciais da poboación obxecto de estudo (persoas asistentes a espectáculos e representacións do IGAEM) en relación co conxunto da sociedade galega.

Para cada táboa preséntanse en columnas, de esquerda a dereita, as seguintes informacións:

- Frecuencia relativa ou porcentaxe de individuos finalmente entrevistados, sobre o total de 503 entrevistas realizadas.
- Porcentaxe de público asistente, calculada a partir da elevación da información da mostra empregando os datos de asistencia real aos espectáculos no período xaneiro a maio de 2006.
- Porcentaxe real que alcanza cada grupo ou división (cada fila das táboas) na poboación galega de 15 ou máis anos.
- Índice comparativo da importancia do público asistente en relación á importancia de cada grupo ou división na poboación galega de 15 ou máis anos.

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Provincia onde ten lugar o espectáculo



Provincia onde ten lugar o espectáculo

Táboa 2. Provincia onde ten lugar o espectáculo

| Provincia onde ten lugar o espectáculo |            | Mostra sen ponderar | Mostra ponderada | Poboación * | Índice ** |
|----------------------------------------|------------|---------------------|------------------|-------------|-----------|
| %                                      | Coruña, A  | 24,5                | 40,1             | 40,8        | 98,3      |
|                                        | Lugo       | 31,4                | 15,2             | 13,2        | 115,2     |
|                                        | Ourense    | 14,3                | 3,6              | 12,5        | 28,8      |
|                                        | Pontevedra | 29,8                | 41,1             | 33,4        | 123,1     |
|                                        | Total      | 100,0               | 100,0            | 100,0       | 100,0     |

\* Poboación residente de 15 ou máis anos segundo o Padrón de Habitantes a 1 de xaneiro de 2005

\*\* Índice calculado para o peso de cada grupo de poboación na mostra ponderada en relación co seu peso real na poboación xeral. Media global=100.


A Coruña e Pontevedra concentran cada unha aproximadamente o 40% dos asistentes totais (4 de cada 5 espectadores). Lugo reúne algo máis do 15%, e destaca o baixo peso da provincia de Ourense, que non alcanza o 4% do total.

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Destaca o feito de que a provincia de Pontevedra reúna máis espectadores que a da Coruña, en función do seu maior índice de asistencia ás representacións escénicas que se programan na Rede de Teatros e Auditorios do IGAEM.

Para comprender mellor as razóns destas cifras quizais axude a visión gráfica da distribución territorial dos espazos escénicos dentro da Rede.

### Rede Galega de Teatro e Auditorios




É facilmente apreciable a concentración de espazos escénicos ao longo do litoral galego, fundamentalmente das Rías Altas e das Rías Baixas, pero tamén na Mariña lucense. Ourense, por mor do reducido tamaño de poboación dos seus concellos, tan só conta tres municipios con espazos dentro da Rede: Ourense, O Carballiño e O Barco de Valdeorras (2), de aí a súa baixa achega ao total de público asistente.

Pode resultar un exercicio interesante calcular en que medida a poboación abranguida por cada espazo, isto é, situada no seu ámbito de influencia, encontra correspondencia na dotación de centros. Coa vista posta nos resultados desta investigación sería posíbel determinar que zonas (concellos ou mesmo comarcas) contan con maior poboación potencialmente asistente ás representacións do IGAEM, e deducir de aí as necesidades de novos espazos.

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Existen estudos realizados a nivel de seccións censuais, botando man dos datos dos Censos de Poboación, que tentan delimitar con detalle aquelas rexións do territorio onde existe unha maior demanda potencial de espectadores. Estudos desta natureza poden servir para deseñar políticas máis eficientes á hora de desenvolver non só a construción de espazos senón tamén a promoción e divulgación de actividades e programacións relacionadas coas artes escénicas. En xeral sería un instrumento válido para calquera estratexia baseada nas redes relacionais e na proximidade, no local.

**Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo (3 intervalos)**



**Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo (3 intervalos)**

**Táboa3. Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo**


| Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo |                      | Mostra sen ponderar | Mostra ponderada | Poboación * | Índice |
|-------------------------------------------------|----------------------|---------------------|------------------|-------------|--------|
| %                                               | <= 20.000 hab.       | 44,1                | 35,3             | 50,4        | 70,0   |
|                                                 | 20.001 a 50.000 hab. | 22,9                | 33,3             | 14,1        | 236,2  |
|                                                 | 7 Cidades            | 33,0                | 31,4             | 35,5        | 88,5   |
|                                                 | Total                | 100,0               | 100,0            | 100,0       | 100,0  |

\* Poboación residente de 15 ou máis anos segundo o Padrón de Habitantes a 1 de xaneiro de 2005

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Os tres tamaños de hábitat municipal en que se estratificou a enquisa presentan un peso moi semellante no conxunto da mostra, aproximándose todos eles a un terzo do total de asistentes.

Estas cifras poden ser non de todo coincidentes coa desagregación por hábitat dos espectadores reais rexistrados durante os primeiros cinco meses de 2006. Isto débese ao deseño de mostraxe e ao feito de que a ponderación dos datos primou a representatividade vinculada ás variábeis persoais e non a territorial, onde só se tivo en conta a delimitación provincial pero non o tamaño da poboación dos concellos nos que figuraban os espazos escénicos.



**Xénero**

**Táboa 4. Xénero**


| Xénero |        | Mostra sen ponderar | Mostra ponderada | Poboación * | Índice |
|--------|--------|---------------------|------------------|-------------|--------|
| %      | Home   | 39,8                | 35,6             | 47,9        | 74,3   |
|        | Muller | 60,2                | 64,4             | 52,1        | 123,6  |
|        | Total  | 100,0               | 100,0            | 100,0       | 100,0  |

\* Poboación residente de 15 ou máis anos segundo o Padrón de Habitantes a 1 de xaneiro de 2005

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

A distribución de espectadores por xéneros marca unha nidia diferenza entre mulleres e homes, sendo preponderantes as primeiras nunha relación que se aproxima ao 2 a 1. Este fenómeno da maioría feminina no público das artes escénicas é un dato de frecuente aparición noutras investigacións de natureza análoga que se teñen efectuado noutros ámbitos territoriais (Europa, Estado, Comunidade Valenciana) durante a última década, aínda que en Galicia alcanzaría unha intensidade maior.

**Intervalos de idade**



**Intervalos de idade**

**Táboa 5. Intervalos de idade**


| Intervalos de idade |            | Mostra sen ponderar | Mostra ponderada | Poboación * | Índice |
|---------------------|------------|---------------------|------------------|-------------|--------|
| %                   | 15-24 anos | 13,5                | 12,9             | 13,1        | 98,5   |
|                     | 25-34 anos | 31,2                | 28,3             | 17,9        | 158,1  |
|                     | 35-44 anos | 25,8                | 25,6             | 16,7        | 153,3  |
|                     | 45-54 anos | 17,5                | 18,7             | 14,8        | 126,4  |
|                     | 55-64 anos | 8,2                 | 10,8             | 13,5        | 80,0   |
|                     | 65+ anos   | 3,8                 | 3,7              | 24,0        | 15,4   |
|                     | Total      | 100,0               | 100,0            | 100,0       | 100,0  |

\* Poboación residente de 15 ou máis anos segundo o Padrón de Habitantes a 1 de xaneiro de 2005

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

A distribución por idades do público asistente responde a unha distribución que alcanza o seu máximo absoluto no intervalo das persoas cunha idade situada entre os 25 e os 35 anos. É moi relevante tamén a presenza do seguinte intervalo en idade, dos 35 aos 45 anos, que en termos relativos case se iguala co anterior (dado o seu menor peso na poboación total). A partir de aí o resto de espectadores sitúanse en idades superiores, descendendo progresivamente conforme aumenta a idade. Entre a mocidade e a xuventude rexístrase unha frecuencia de aparición que supera a media dos individuos maiores de 55 anos pero que se sitúa lixeiramente por baixo da frecuencia media de asistencia de todo o público, considerado na súa totalidade (índice 98,5).

### Cal é o seu nivel de estudos?



## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

**Táboa 6. Nivel de estudos**


| Nivel de estudos |                                                               | Mostra sen ponderar | Mostra ponderada | Poboación * | Índice |
|------------------|---------------------------------------------------------------|---------------------|------------------|-------------|--------|
| %                | Non sabe ler nin escribir / Menos de 5 anos de escolarización | 0,6                 | 0,5              | 18,4        | 2,7    |
|                  | Sen completar bacharelato elemental, EXB ou ESO               | 5,2                 | 6,2              | 26,6        | 23,3   |
|                  | Bacharelato elemental EXB ou ESO completo                     | 8,5                 | 9,1              | 25,1        | 36,3   |
|                  | FPI grao medio ou oficiala industria                          | 3,0                 | 3,3              | 3,3         | 100,0  |
|                  | Bacharelato superior BUP/LOXSE COU/PREU                       | 19,3                | 19,2             | 11,3        | 169,9  |
|                  | FP II grao superior ou mestría industrial                     | 11,5                | 10,5             | 4,6         | 228,3  |
|                  | Diplomatura, arquitectura ou enxeñería técnicas               | 17,3                | 17,6             | 5,4         | 325,9  |
|                  | Licenciatura, arquitectura ou enxeñería superiores            | 34,2                | 33,4             | 5,0         | 668,0  |
|                  | Doutoramento                                                  | 0,4                 | 0,1              | 0,3         | 33,3   |
|                  | Total                                                         | 100,0               | 100,0            | 100,0       | 100,0  |

\* Poboación residente en Galicia de 16 ou máis anos segundo o Censo de Poboación do ano 2001

O nivel de estudos é a variábel que con maior intensidade caracteriza ao público das representacións do IGAEM: a maior número de anos de formación regulada maior peso entre os asistentes. Este é un fenómeno xeral que atinxe tamén ao conxunto das artes escénicas en todo o Estado e a nivel internacional desde hai décadas.

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Cal é a súa relación coa actividade económica?



Táboa 7. Relación coa actividade económica

| Relación coa actividade económica |                                          | Mostra sen ponderar | Mostra ponderada | Poboación * | Índice |
|-----------------------------------|------------------------------------------|---------------------|------------------|-------------|--------|
| %                                 | Ocupado/a                                | 67,8                | 66,7             | 44,3        | 150,6  |
|                                   | Parado/a                                 | 8,2                 | 8,2              | 6,3         | 130,2  |
|                                   | Estudante                                | 11,3                | 11,6             | 9,1         | 127,5  |
|                                   | Labores do fogar                         | 6,6                 | 7,0              | 11,7        | 59,8   |
|                                   | Xubilado/a, pensionista, outra situación | 6,2                 | 6,4              | 28,5        | 22,5   |
| Total                             |                                          | 100,0               | 100,0            | 100,0       | 100,0  |

\* Poboación residente en Galicia de 16 ou máis anos segundo o Censo de Poboación do ano 2001

A maioría dos asistentes son persoas activas e ocupadas (2 de cada 3). As restantes categorías de relación coa actividade laboral presentan porcentaxes semellantes, aínda que pode deducirse con facilidade que tanto as persoas activas paradas como as inactivas estudantes posúen unha importancia relativa moi próxima á das persoas activas ocupadas. Moi lonxe dos índices que alcanzan estes tres grupos poboacionais sitúanse as persoas encargadas das labores do fogar e, sobre todo, as persoas xubiladas, pensionistas ou noutra situación (concepto que se corresponde xeralmente con situacións de prexubilación).

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

### 2. Perfil do público da Rede de Teatros e Auditorios

Táboa 8. Perfil do público da Rede de Teatros e Auditorios

| Perfil do público da Rede de Teatros e Auditorios |                         | Perfil Medio                                     | Perfil Mediano                                  | Perfil Modal                                     |
|---------------------------------------------------|-------------------------|--------------------------------------------------|-------------------------------------------------|--------------------------------------------------|
| Variábel                                          | Provincia               | A Coruña                                         | A Coruña                                        | Pontevedra                                       |
|                                                   | Tamaño de hábitat       | 60.000 habitantes                                | 31.000 habitantes                               | 17.000 habitantes                                |
|                                                   | Xénero                  | Muller                                           | Muller                                          | Muller                                           |
|                                                   | Idade                   | 39,3 anos                                        | 38 anos                                         | 32 anos                                          |
|                                                   | Formación académica     | Licenciatura, arquitectura ou enxeñería superior | Licenciatura, arquitectura ou enxeñería técnica | Licenciatura, arquitectura ou enxeñería superior |
|                                                   | Relación coa actividade | Ocupada                                          | Ocupada                                         | Ocupada                                          |

Perfil medio é o que en variábeis numéricas se corresponde coa media aritmética e en variábeis categóricas ou nominais cos valores que representan o centro de gravidade da distribución de frecuencias.

Perfil mediano é o do individuo que se sitúa no medio da distribución de frecuencias, deixando a un lado e a outro o 50% das observacións ou individuos.

Perfil modal é aquel definido polos valores e características que máis se repiten no conxunto da mostra, isto é, que presentan a maior frecuencia de aparición.

Os tres perfís (medio, mediano e modal) do individuo asistente aos espectáculos promovidos polo IGAEM son practicamente coincidentes.

Os tres perfís tipo coinciden en caracterizar o asistente prototipo como unha muller de entre 32 e 40 anos, con estudos universitarios e con emprego. As maiores diferenzas encontradas nos estatísticos da media, mediana e moda, encóntranse no hábitat de residencia, o que se debe ao reparto equilibrado de puntos de mostraxe nos tres hábitats considerados e á distribución asimétrica da poboación municipal en Galicia (as 7 cidades desprazan a media e en menor medida a mediana cara a valores máis altos). Con todo, o máis normal é que esta persoa resida en concellos ou vilas de mediano tamaño.

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

### 3. Comportamento do público asistente aos espectáculos do IGAEM

As análises que efectuaremos a continuación son as que se describen nos seguintes parágrafos.

- No apartado 3.1 realizamos unhas breves consideracións xerais sobre os conceptos e resultados que se utilizan ao longo do capítulo.

- No apartado 3.2 efectuamos a descrición dos principais resultados relativos á frecuencia de asistencia aos diferentes tipos de espectáculos analizados. As frecuencias de asistencia mídense empregando a escala ordinal ou de rangos que se detalla convenientemente no capítulo metodolóxico. A frecuencia de asistencia pode empregarse tamén para discriminar entre asistentes e non asistentes a un determinado tipo de espectáculo, sempre dentro do conxunto do público da Rede de Teatros e Auditorios (espectadores dalgún dos espectáculos desenvolvidos polo Instituto).

- No apartado 3.3 referímonos ao nivel de interese por cada un dos xéneros escénicos analizados que declararon os entrevistados. Establécese deste xeito unha clasificación dos xéneros máis atractivos dentro do público da Rede, o que pode ser relevante de cara a deseñar unha política de promoción ou de achegamento ás artes escénicas daquelas persoas que nunca consumiron espectáculo ningún. Por último poñemos en relación o interese coa frecuencia de asistencia, para estudar o seu comportamento conxunto.

- No apartado 3.4 avaliamos o grao de satisfacción con cada tipo de espectáculo, para aquela fracción do público que asistiu algunha vez a eles. Tamén poñemos en relación o grao de satisfacción coa frecuencia de asistencia manifestada. Ademais diso, para cada tipo de espectáculo poñemos en relación a valoración que se realiza do conxunto de espectáculos vistos, por un lado, e a do último ao que asistiu, por outro. O apartado complétase cunha análise comparada entre os dous niveis de satisfacción (global e último espectáculo), de xeito que se poida detectar en que tipo de espectáculos e en que grupos de poboación os últimos consumos melloraron a apreciación xenérica que se tiña dos mesmos.

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

- No apartado 3.5 analízase a relación dos consumos e beneficios declarados cos consumos doutros produtos culturais e de medios de información e comunicación.

- No apartado 3.6 realizamos unha breve prospección sobre o nivel de coñecemento e valoración das actividades desenvolvidas polo IGAEM e polas fundacións das entidades financeiras Caixa Galicia e Caixanova.

### 3.1. Introducción

Neste capítulo abordaremos en varios apartados a análise da información recollida a través da enquisa efectuada aos espectadores dos espectáculos desenvolvidos polo IGAEM dentro da programación da Rede de teatro e Auditorios.

Son 7 os espectáculos incluídos na análise: teatro (distinguindo en galego e en castelán, e infantil), monicreques, maxia, danza e música.

O primeiro aspecto a comentar radica na posibilidade certa de que un espectador dun tipo de espectáculo sexa tamén espectador dalgún outro ou de varios espectáculos diferentes.

A frecuencia de asistencia a calquera tipo de espectáculo está correlacionada positivamente coa frecuencia de asistencia aos demais. Todos os valores dos estatísticos de correlación calculados para estas variábeis, empregando tanto o Tau-b de Kendall como o Rho de Spearman (ideais para variábeis ordinais ou de rangos), sinalan esta concomitancia (cun nivel de confianza do 99%).

Isto supón que existe unha elevada coincidencia dos públicos dos diferentes espectáculos, coincidencia que é maior nalgúns casos e menor en outros.

Así, por exemplo, o maior índice de correlación na intensidade de consumo de espectáculos dáse, con moita diferenza sobre os demais, entre o teatro infantil e as funcións de monicreques (coeficiente rho 0,689). Os seguintes índices en importancia ligan o consumo de funcións de monicreques e o de espectáculos de maxia (0,488), e este último co consumo de teatro infantil (0,430). Isto indica que se poden encontrar dificultades á hora de intentar segmentar os públicos destes tres espectáculos.

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Tamén se sitúa entre os valores máis altos o coeficiente de correlación entre a frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega e o indicador análogo para o teatro en castelán. Isto significa que, en canto á intensidade de consumo dos distintos tipos de espectáculos, existen menores diferenzas entre teatros nos dous idiomas que entre un calquera deles e outro xénero dos analizados.

**Táboa 9. Correlacións entre as frecuencias de asistencia (coeficientes Rho de Spearman)**

| Correlacións entre as frecuencias de asistencia (coeficientes Rho de Spearman) | Teatro en lingua galega | Teatro en lingua castelá | Espectáculos de danza | Actuacións musicais | Teatro infantil | Funcións de monicreques | Espectáculos de maxia |
|--------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|--------------------------|-----------------------|---------------------|-----------------|-------------------------|-----------------------|
| Teatro en lingua galega                                                        | 1,000                   |                          |                       |                     |                 |                         |                       |
| Teatro en lingua castelá                                                       | ,366(**)                | 1,000                    |                       |                     |                 |                         |                       |
| Espectáculos de danza                                                          | ,193(**)                | ,329(**)                 | 1,000                 |                     |                 |                         |                       |
| Actuacións musicais                                                            | ,177(**)                | ,261(**)                 | ,283(**)              | 1,000               |                 |                         |                       |
| Teatro infantil                                                                | ,226(**)                | ,178(**)                 | ,212(**)              | ,102(**)            | 1,000           |                         |                       |
| Funcións de monicreques                                                        | ,220(**)                | ,213(**)                 | ,208(**)              | ,166(**)            | ,689(**)        | 1,000                   |                       |
| Espectáculos de maxia                                                          | ,088(**)                | ,105(**)                 | ,141(**)              | ,096(**)            | ,430(**)        | ,488(**)                | 1,000                 |

\*\* A correlación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).

- O consumo de teatro en galego presenta os índices de correlación máis elevados sobre todo co teatro en castelán, e os máis baixos coas actuacións musicais e cos espectáculos de maxia.

- O consumo de teatro en castelán mostra concomitancias máis importantes co teatro en galego e cos espectáculos de danza, e as menos importantes novamente coa maxia.

- O consumo de teatro infantil presenta maiores coincidencias co consumo de monicreques e maxia, e menores co resto de espectáculos, coas actuacións musicais como consumo máis baixo.

- O consumo de funcións de monicreques presenta as maiores correlacións rexistradas en todos os cruces, en concreto co teatro infantil e cos espectáculos de maxia, sendo moi baixas as que mantén co resto de espectáculos.

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

•O consumo de espectáculos de maxia presenta concomitancias fortes, como se pode deducir de xeito triangular, co teatro infantil e coas funcións de monicreques. A maxia é o xénero que presenta índices de correlación máis baixos co resto de espectáculos analizados.

•O consumo de espectáculos de danza presenta coincidencias, como se dixo, co consumo de teatro en castelán, en bastante maior medida que co teatro en galego. O seguinte consumo máis coincidente con el é o das actuacións musicais. Cos que menos, o teatro en galego e os espectáculos de maxia.

•O consumo de actuacións musicais, o outro xénero consumido xeralmente polo público da Rede de Teatros e Auditorios xunto co teatro en galego, presenta os índices de correlación máis elevados cos espectáculos de danza e co teatro en castelán, aínda que non existen moitas diferenzas entre estes e os restantes tipos de espectáculos.

En razón destes resultados clasificamos estes espectáculos do seguinte xeito:

**Táboa 10. Clasificación de espectáculos ou xéneros escénicos**

| Clasificación de espectáculos ou xéneros escénicos |                                               | Tipo de espectáculo   |
|----------------------------------------------------|-----------------------------------------------|-----------------------|
| Agrupacións                                        | Teatro                                        | 1. Teatro en galego   |
|                                                    |                                               | 2. Teatro en castelán |
|                                                    | Espectáculos de consumo marcadamente infantil | 3. Teatro infantil    |
|                                                    |                                               | 4. Monicreques        |
|                                                    |                                               | 5. Maxia              |
|                                                    | Danza                                         | 6. Danza              |
|                                                    | Música                                        | 7. Música             |

### 3.2. Frecuencia de asistencia aos espectáculos

A primeira cuestión que cabe abordar ao falar de frecuencias de asistencia é advertir que esta información ten carácter subxectivo. A intensidade de consumo que recolle a enquisa é un dato ofrecido polos entrevistados que normalmente está suxeito a diversas influencias que o tornan non coincidente coa realidade obxectiva.

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


É normal en investigacións de corte cuantitativo sobre hábitos sociais ou de consumo que as cantidades, proporcións e frecuencias estimadas en base ás declaracións dos individuos se sitúen por riba ou moi por riba dos valores análogos que se poden obter a través de medicións obxectivas. Detrás deste comportamento encóntranse fenómenos de desexabilidade social, aparencias e expectativas que non é posíbel controlar. Os investigadores conformámonos habitualmente argumentando que é precisamente esta dimensión subxectiva, persoal e intransferíbel, a que se pretende medir cunha enquisa sociolóxica.

Neste informe adoptamos a frecuencia de asistencia como mellor indicador posíbel do consumo individual de espectáculos escénicos.

A continuación desagregamos os resultados de asistencia ou consumo para cada un dos sete tipos de espectáculos analizados na enquisa.

### *Teatro en galego*

#### Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega



#### Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

**Táboa 11. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega.**

| Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega | Porcentaxe |
|----------------------------------------------------|------------|
| Máis de 6 veces ao ano                             | 48,2       |
| Entre 2 e 6 veces ao ano                           | 41,6       |
| Unha vez ao ano                                    | 7,8        |
| Nunca                                              | 2,4        |
| Total                                              | 100,0      |

A metade dos espectadores do IGAEM asisten a representacións teatrais que teñen como idioma vehicular o galego cunha frecuencia mínima bimestral (unha vez cada 2 meses ou 6 veces no ano).

Aproximadamente outro 40% máis asiste cunha periodicidade mínima semestral e máxima bimestral (entre 2 e 6 veces no ano).


En total o 90% dos espectadores dos espectáculos do IGAEM manifesta un consumo reiterado de teatro en galego, quedando reducido á cifra do 10% o grupo dos espectadores que o consomen de forma ocasional ou que simplemente nunca acudiu a ver unha representación teatral en galego (trátase de persoas que foron contactadas noutro tipo de espectáculos).

É este grupo reducido, do 10% dos entrevistados, onde debemos procurar semellanzas de preferencias e comportamentos con aquela poboación que queda fóra da investigación: a que nunca acude ás representacións teatrais en galego nin a ningún dos espectáculos desenvolvidos polo IGAEM, pero que podería facelo potencialmente.

**Táboa 12. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo a provincia**

| Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo a provincia | Provincia onde ten lugar o espectáculo |        |         |            | Total  |
|------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------|--------|---------|------------|--------|
|                                                                        | Coruña A                               | Lugo   | Ourense | Pontevedra |        |
| Máis de 6 veces ao ano                                                 | 59,5%                                  | 33,8%  | 46,7%   | 42,6%      | 48,2%  |
| Entre 2 e 6 veces ao ano                                               | 29,9%                                  | 50,6%  | 47,0%   | 49,3%      | 41,6%  |
| Unha vez ao ano                                                        | 7,1%                                   | 14,5%  | 3,7%    | 6,3%       | 7,8%   |
| Nunca                                                                  | 3,5%                                   | 1,1%   | 2,6%    | 1,8%       | 2,4%   |
| Total                                                                  | 100,0%                                 | 100,0% | 100,0%  | 100,0%     | 100,0% |

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



O cruce da variábel frecuencia de asistencia a teatro en galego coa variábel provincia mostra un certo comportamento diferencial entre provincias.

Neste sentido, os espectadores que asistiron a espectáculos do IGAEM na provincia da Coruña son os que presentan unha maior frecuencia de asistencia ou de fidelidade a teatro en galego, dado que o grupo dos que acoden a estas representacións 6 ou máis veces no ano supón case un 60% do total de espectadores entrevistados.

No lado oposto encóntrase a provincia de Lugo, onde o mesmo grupo representa menos do 40% do total.


## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Tamén se pode apreciar outra nota distintiva en relación co grupo de espectadores que acoden con menor frecuencia a ver teatro en galego. Este grupo alcanza na provincia lucense unha porcentaxe superior ao 15%, entanto no resto de provincias non se sitúa preto do 10% ou por baixo.

**Táboa 13. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo**

| Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo o tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo | Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo |                      |           | Total  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|----------------------|-----------|--------|
|                                                                                                              | <= 20.000 hab.                                  | 20.001 a 50.000 hab. | 7 Cidades |        |
| Máis de 6 veces ao ano                                                                                       | 36,1%                                           | 60,0%                | 49,3%     | 48,2%  |
| Entre 2 e 6 veces ao ano                                                                                     | 50,3%                                           | 32,7%                | 41,3%     | 41,6%  |
| Unha vez ao ano                                                                                              | 11,9%                                           | 4,0%                 | 7,1%      | 7,8%   |
| Nunca                                                                                                        | 1,7%                                            | 3,3%                 | 2,3%      | 2,4%   |
| Total                                                                                                        | 100,0%                                          | 100,0%               | 100,0%    | 100,0% |

**Asistencia a teatro en galego segundo o hábitat**



**Tamaño do concello onde ten lugar o espectáculo**

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

O mesmo fenómeno observado para as provincias reproducíase cando o cruce de variábeis o efectuamos con base no tamaño de hábitat do concello onde se representaron as funcións e se realizaron os contactos previos ás entrevistas.


Neste sentido compróbase que o grupo de espectadores de teatro en galego con maior frecuencia de asistencia se sitúa nos concellos de mediano tamaño (entre 20.000 e 50.000 habitantes segundo o Padrón municipal a 1 de xaneiro de 2005). Pola contra o hábitat en que colle máis importancia o grupo dos asistentes ocasionais é o dos concellos de menos de 20.000 habitantes, resultado que está ligado directamente ao feito das provincias orientais non contaren con concellos do hábitat intermedio (en Lugo e Ourense todo o que non son cidades son concellos de menos de 20.000 habitantes).

**Táboa 14. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo o xénero**

| Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo o xénero | Xénero |        | Total  |
|---------------------------------------------------------------------|--------|--------|--------|
|                                                                     | Home   | Muller |        |
| Máis de 6 veces ao ano                                              | 48,0%  | 48,3%  | 48,2%  |
| Entre 2 e 6 veces ao ano                                            | 41,4%  | 41,7%  | 41,6%  |
| Unha vez ao ano                                                     | 8,5%   | 7,4%   | 7,8%   |
| Nunca                                                               | 2,0%   | 2,6%   | 2,4%   |
| Total                                                               | 100,0% | 100,0% | 100,0% |

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Asistencia a teatro en galego segundo o xénero



Se realizamos unha análise de xeito análogo empregando como variábel de cruce o xénero da persoa entrevistada non atopamos ningunha diferenza significativa. Homes e mulleres presentan o mesmo perfil de frecuencia de asistencia a teatro en galego.

Cómpre non confundir este dato sobre a frecuencia de asistencia a teatro en galego co dato da distribución por xéneros dos asistentes a calquera tipo de espectáculo dos que desenvolve o IGAEM.


No sucesivo, ao se presentar resultados deste tipo, que non achegan á análise información valiosa engadida, omitiremos a presentación de informacións numéricas e/ou gráficas, limitándonos eventualmente a realizar un pequeno comentario.

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Táboa 15. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo intervalos de idade

| Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo intervalos de idade | Intervalos de idade |            |            |            |            |          | Total  |
|--------------------------------------------------------------------------------|---------------------|------------|------------|------------|------------|----------|--------|
|                                                                                | 15-24 anos          | 25-34 anos | 35-44 anos | 45-54 anos | 55-64 anos | 65+ anos |        |
| Máis de 6 veces ao ano                                                         | 48,9%               | 36,9%      | 50,5%      | 53,9%      | 55,8%      | 66,1%    | 48,2%  |
| Entre 2 e 6 veces ao ano                                                       | 48,3%               | 52,5%      | 37,2%      | 34,0%      | 31,4%      | 33,9%    | 41,6%  |
| Unha vez ao ano                                                                | 2,9%                | 9,6%       | 7,8%       | 9,2%       | 9,0%       | -        | 7,8%   |
| Nunca                                                                          | -                   | 1,1%       | 4,5%       | 2,9%       | 3,9%       | -        | 2,4%   |
| Total                                                                          | 100,0%              | 100,0%     | 100,0%     | 100,0%     | 100,0%     | 100,0%   | 100,0% |

Asistencia a teatro en galego segundo a idade



A análise da frecuencia de asistencia a representación de teatro en galego en función da idade do asistente presentan resultados máis interesantes.

En primeiro lugar demostrase que canto máis vello é o espectador máis probábel é que acuda a teatro en galego con maior frecuencia (6 ou máis veces no ano).

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

En segundo lugar demóstrase que canto máis novo é o espectador máis probábel é que a frecuencia de aparición sexa notable pero menor que no caso anterior (entre 2 e 6 veces no ano).

Pódese afirmar que entre as persoas de menos de 35 anos é máis habitual encontrar unha asistencia de certa frecuencia pero non habitual, mentres que por riba desa idade a asistencia habitual é maior.

Lembramos a distribución de asistentes por idades para afirmar un corolario interesante: o intervalo de idades que ten máis peso no conxunto do público asistente aos espectáculos escénicos do IGAEM (o das persoas entre 25 e 34 anos) é o que máis claramente presenta un perfil de asistencia frecuente e regular.

Se partimos da premisa de que o aumento dos espectadores de artes escénicas en xeral e do teatro galego en particular pasa, cando menos en parte, por aumentar a frecuencia de asistencia das persoas que asisten con certa frecuencia pero non de xeito regular, pódese inferir deste comportamento a máxima de que para ampliar o número de espectadores habería que seguir incidindo na xuventude e na mocidade.

Un último dato que nos confire a táboa e o gráfico de asistencia a teatro en galego por idades refírese ao grupo dos asistentes ocasionais e dos que nunca asistiron a teatro en galego (pero si, lembremos, a outros espectáculos do IGAEM).

Por baixo dos 35 anos é moi infrecuente, case raro, encontrar a un espectador dos que compoñen o público obxectivo que non teña probado cando menos unha vez o teatro en galego. Sen esquecer que estamos falando dunha poboación integrada polos espectadores dos diversos espectáculos desenvolvidos polo IGAEM o certo é que pode deducirse que calquera prexuízo acerca do teatro en galego entre o público galego das artes escénicas, tería desaparecido entre a xuventude e a mocidade, se é que algunha vez o houbo. (O dato correspondente ás persoas maiores de 65 anos é o que menos representatividade ten, por existir poucas observacións no mesmo.)

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Por outra banda, por debaixo dos 25 anos vese que a importancia dos asistentes ocasionais a representacións de teatro en galego se reduce en relación aos intervalos de idade máis vellos. Isto podería indicar que na xuventude e na mocidade a asistencia a teatro en galego non se limita a unha única ocasión, senón que normalmente quen proba repite polo menos unha segunda vez.


Porén, estamos falando de fenómenos verificados con base nun número de observacións reducido, e aínda que coidamos correcta a interpretación sería precisa unha investigación específica para o público xuvenil para confirmar ou refutar estas afirmacións.

**Táboa 16. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo o nivel de estudos**

| Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo o nivel de estudos | Cal é o seu nivel de estudos?                                 |                                                 |                                           |                                      |                                         |                                           |                                                 |                                                    |              | Total  |
|-------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|-------------------------------------------|--------------------------------------|-----------------------------------------|-------------------------------------------|-------------------------------------------------|----------------------------------------------------|--------------|--------|
|                                                                               | Non sabe ler nin escribir / Menos de 5 anos de escolarización | Sen completar bacharelato elemental, EXB ou ESO | Bacharelato elemental EXB ou ESO completo | FPI grao medio ou oficial industrial | Bacharelato superior BUP/LOXSE COU/PREU | FP II grao superior ou mestría industrial | Diplomatura, arquitectura ou enxeñaría técnicas | Licenciatura, arquitectura ou enxeñaría superiores | Doutoramento |        |
| > 6 veces ao ano                                                              | 94,9%                                                         | 69,2%                                           | 50,1%                                     | 33,2%                                | 49,1%                                   | 34,4%                                     | 52,9%                                           | 45,8%                                              | 35,0%        | 48,2%  |
| 2- 6 veces ao ano                                                             | 5,1%                                                          | 24,6%                                           | 42,0%                                     | 61,1%                                | 33,8%                                   | 63,2%                                     | 34,6%                                           | 45,0%                                              | -            | 41,6%  |
| 1 vez ao ano                                                                  | -                                                             | 4,8%                                            | 6,9%                                      | 5,7%                                 | 13,4%                                   | 2,4%                                      | 8,0%                                            | 7,0%                                               | 65,0%        | 7,8%   |
| Nunca                                                                         | -                                                             | 1,4%                                            | ,9%                                       | -                                    | 3,7%                                    | -                                         | 4,6%                                            | 2,2%                                               | -            | 2,4%   |
| Total                                                                         | 100,0%                                                        | 100,0%                                          | 100,0%                                    | 100,0%                               | 100,0%                                  | 100,0%                                    | 100,0%                                          | 100,0%                                             | 100,0%       | 100,0% |

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Asistencia a teatro en galego segundo a formación



Viuse con anterioridade que a variábel formación académica é a que está máis correlacionada co perfil do asistente ao conxunto de espectáculos de IGAEM. Porén, para os espectadores de teatro en galego, esta afirmación só é parcialmente válida, ao verificarse un comportamento bastante homoxéneo nas diferentes categorías de niveis formativos.

Hai que advertir que os dous primeiros intervalos, os correspondentes cos niveis de estudos máis baixos, reúnen poucas observacións (7% dos asistentes totais a espectáculos do IGAEM e, por conseguinte, da mostra) e presentan unha alta variabilidade. (O mesmo acontece co último intervalo, o das persoas doutoradas.)

Se deixamos á marxe estes intervalos, en realidade, a partir dos estudos secundarios (terceira barra pola esquerda no gráfico) pódese falar dunha frecuencia de asistencia a teatro en galego máis ou menos semellante. Aínda que existen oscilacións os niveis de presenza das distintas fraccións de asistentes (habituais, regulares, ocasionais, e non-asistentes) permanecen estábel ao longo dunha liña horizontal.


## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Quérese indicar con isto que para explicar a frecuencia de asistencia a teatro en galego debemos considerar necesariamente o concurso de outras variábeis, ademais do nivel formativo dos asistentes, sen menoscar a importancia que esta poida ter.

**Táboa 17. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo a relación coa actividade económica**

| Frecuencia de asistencia a teatro en lingua galega segundo a relación coa actividade económica | Cal é a súa relación coa actividade económica? |          |            |                  |                                          | Total  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|----------|------------|------------------|------------------------------------------|--------|
|                                                                                                | Ocupado/a                                      | Parado/a | Estudiante | Labores do fogar | Xubilado/a, pensionista, outra situación |        |
| Máis de 6 veces ao ano                                                                         | 49,7%                                          | 26,9%    | 48,3%      | 61,5%            | 45,7%                                    | 48,2%  |
| Entre 2 e 6 veces ao ano                                                                       | 39,5%                                          | 55,7%    | 51,4%      | 24,5%            | 45,8%                                    | 41,6%  |
| Unha vez ao ano                                                                                | 7,7%                                           | 16,8%    | ,3%        | 9,2%             | 8,5%                                     | 7,8%   |
| Nunca                                                                                          | 3,0%                                           | ,6%      | -          | 4,9%             | -                                        | 2,4%   |
| Total                                                                                          | 100,0%                                         | 100,0%   | 100,0%     | 100,0%           | 100,0%                                   | 100,0% |

**Asistencia a teatro en galego segundo a relación coa actividade**



## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Dependendo da relación coa actividade económica tamén se aprecian algunhas diferenzas na intensidade de asistencia ás representacións teatrais en lingua galega, aínda que non son tan importantes como na maioría dos casos precedentes (a excepción da análise en función do xénero).

Os dous perfís que máis se afastan do perfil de frecuencia de asistencia media son, dun lado, as persoas paradas, que non presentan un grao de regularidade na asistencia tan alto, por exemplo, como os estudantes (malia compartir características de xénero, idade e nivel formativo semellantes). Doutro lado, as persoas encargadas das labores do fogar (96% de mulleres) serían as que presentan a maior frecuencia de asistencia.


En xeral, demóstrase que sería oportuna unha revisión do sistema de tarifas, na liña de aplicar descontos á poboación desempregada, pois reúne as características potencias necesarias para ampliar a súa frecuencia de asistencia a teatro en galego (xa son un dos grupos poboacionais, xunto cos ocupados e os estudantes, que están máis presentes entre os espectadores).

Diferente tería que ser a estratexia para o grupo eminentemente feminino de persoas encargadas do fogar, que é un grupo que aínda que está presente entre a poboación obxecto de estudo non asiste aos espectáculos escénicos na proporción en que está presente na sociedade, característica que partillan coas persoas xubiladas e pensionistas. Nestes casos do que se trata non é de incrementar a súa frecuencia de asistencia senón de atraelos ao teatro e aos espazos onde se representa.

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

### *Teatro en castelán*

Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá



Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá

Táboa 18. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá

| Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá | Porcentaxe |
|-----------------------------------------------------|------------|
| Máis de 6 veces ao ano                              | 22,7       |
| Entre 2 e 6 veces ao ano                            | 43,4       |
| Unha vez ao ano                                     | 19,7       |
| Nunca                                               | 14,2       |
| Total                                               | 100,0      |

O teatro en lingua castelá é un produtos de consumo cultural para aproximadamente o 86% dos asistentes aos espectáculos desenvolvidos polo IGAEM. O outro 14% manifesta non ter acudido nunca a representacións teatrais neste idioma.

## II. O PÚBLICO DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

De entre as persoas que si asistiron compróbase que a metade o fan con certa frecuencia (43% manifesta acudir entre 2 e 6 veces no ano), mentres que a outra metade se reparte a partes iguais entre os que asisten de forma regular ou habitual (23%) e os que só van unha vez no ano (20%).

Empregando a referencia convencional de 2 funcións por ano como límite entre as persoas que repiten asistencia e as que non ou non asistiron nunca, compróbase que preto de 2 de cada 3 asistentes aos espectáculos do IGAEM son consumidoras de teatro en lingua castelá. O outro 33% conformaría o dos consumidores ocasionais ou non consumidores, o que representa unha cifra moi superior ao 10% que representaba o indicador homólogo referido a teatro en lingua galega.

**Táboa 19. Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo a provincia**

| Frecuencia de asistencia a teatro en lingua castelá segundo a provincia | Provincia onde ten lugar o espectáculo |        |         |            | Total  |
|-------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------|--------|---------|------------|--------|
|                                                                         | Coruña, A                              | Lugo   | Ourense | Pontevedra |        |
| Máis de 6 veces ao ano                                                  | 21,6%                                  | 16,7%  | 33,9%   | 25,1%      | 22,7%  |
| Entre 2 e 6 veces ao ano                                                | 38,1%                                  | 47,9%  | 40,7%   | 47,3%      | 43,4%  |
| Unha vez ao ano                                                         | 24,7%                                  | 18,3%  | 14,4%   | 15,6%      | 19,7%  |
| Nunca                                                                   | 15,6%                                  | 17,0%  | 11,0%   | 12,0%      | 14,2%  |
| Total                                                                   | 100,0%                                 | 100,0% | 100,0%  | 100,0%     | 100,0% |